RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (arquivador, cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.

RECURSOS DIXITAIS: Snappet, aula virtual, vídeos didácticos, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación, genially, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	20	20	20	20
Táboa de indicadores	80	80	80	80

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores.. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos. En cada trimestre, un ou varios dos CA traballados serán avaliados a través dunha proba escrita. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carácter moi simple.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,5, 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Como se especifica no apartado 3.3 de avaliación das unidades didácticas a táboa de indicadores terá un peso do 80% da nota final e 20% a proba escrita.

A porcentaxe da táboa de indicadores será repartida:

- 20% rúbrica de relevancia da información da liña de investigación.

- 20% da rúbrica de presentación dixital ou escrita da investigación.

- 40% da rúbrica da exposición oral.

A nota final, ao ser proxectos diferentes será a obtida da media das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último.

En canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Tendo en conta que realizamos traballo por proxectos, as actividades de indagación e plasmación de información en distintos formatos, adpántanse perfectamente ás individualidades de cada discente.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias destacan: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade que se correspondan coas necesidades da aula, como

poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
 - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
 - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
 - Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais.	X	X	X
Obradoiros	Primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte, a importancia do compost...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor...	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro	
1.	Os puntos da programación son os establecidos.
2.	Realizaches unha avaliación inicial a principio de curso.
3.	Respetaches a distribución temporal dos contidos por avaliación.
4.	Deches todos os contidos estipulados na programación.
5.	Aplicaches a metodoloxía didáctica programada.
6.	Tiveches en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarias para aprobar a materia.
7.	Aplicaches as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou.
8.	Aplicaches os procedementos de avaliación programados e axustacheste aos criterios de calificación.
9.	Levaches a cabo medidas de reforzo educativo dirixido a alumnado que presentaba dificultades de
10.	Puxeches en práctica medidas para estimular a interese, o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.
11.	Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados, incluídas as TIC.
12.	Realizaches as actividades complementarias e extraescolares programadas.

13. A coordinación cos membros do nivel e ciclo foron frecuentes.
14. Utilizaches diferentes medios para informar a pais e nais, profesores e alumnado (sesións de avaliación, boletíns, reunións, entrevistas) dos resultados da avaliación.
15. O 75% do alumnado acadou de forma suficiente os obxectivos e competencias correspondentes.

Descrición:

Estes ítems valoraranse nunha escala do 1 ao 4. De responder 1 ou 2 nalgún deles, sinalarase na escala a causa de tal resultado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

Por último, incluiremos propostas de mellora na memoria final de cara ao vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 3º de primaria do CEIP Plurilingüe a Pedra de Bueu,

O CEIP Purilingüe A Pedra (Bueu) atópase nun núcleo semi-rural de ámbito marítimopesqueiro na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean. A meirande parte das familias do alumnado que acolle o centro encádranse dentro da clase social media e mediobaixa.

O centro está formado por dous corpos (edificios):

- Un principal, construído no ano 1972.

- Unha construción a douscentos metros para os alumnos de Educación Infantil.

O recinto escolar dispón tamén dun patio cuberto, varios patios descubertos e un ximnasio de 200 m cadrados e adecuado a normativa L.O.E.

En canto á infraestrutura cultural, Bueu conta cunha Casa da Aldea no lugar de Meiro, que alberga unha sala que funciona como Axencia Municipal de Lectura. Xa no centro da vila está a Casa da Cultura, onde se encontra a biblioteca municipal; o Centro Social do Mar, cun amplo salón de actos; e a Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa. Existen tamén organismos e asociacións do ámbito cultural, social e educativo con iniciativas diversas: actividades extraescolares, programas preventivos,...

Nas proximidades do colexio están situados dous institutos, o IES Illa de Ons (só de secundaria) o IES Johan Carballeira (ESO, FP Básica, Bacharelato, Ciclos formativos de Grao Medio e Superior e Educación de adultos), ao que está adscrito o noso centro.

O alumnado de 3º está formado actualmente por 32 persoas, 12 nenas e 20 nenos que están distribuídos en 2 aulas:

- 3º A con 16 alumnos/as: unha nena con síndrome de Tourette con TEA e altas capacidades, outra de altas capacidades con sensibilidade á luz e torpeza motriz, unha terceira con ritmo de aprendizaxe lento con torpeza motriz, outra con trastorno de atención, un neno epiléptico e dous co protocolo TEA activado.

- 3º B con 16 alumnos/as: dous nenos con TEA nivel I, outro con TEA con retraso madurativo e hipoacusia e tres, un neno e dúas nenas, con ritmo de aprendizaxe lento pero non lles afecta á práctica de actividade física.

O alumnado nesta etapa da E. Primaria explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades, o que implica mobilizar toda unha serie de habilidades, actitudes e valores en relación co corpo. Ás características psicolóxicas propias destas idades, temos que engadir outras particularidades específicas determinadas pola interacción do alumno-a co ambiente sociofamiliar no que vive.

Nesta programación as distintas unidades didácticas están repartidas por trimestre. Estas unidades poderanse complementar con actividades propostas por distintas asociacións e entidades da zona, coas que colaboramos de xeito cotiá e tamén coas actividades propostas dende a biblioteca, elemento vertebrador do noso centro, TICS, Dinamización Lingüística, e outras recollidas no Plan de Convivencia Anual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"Posta en forma experimentando e xogando"	Elaboración das normas e rutinas que terán que cumprir para o bo funcionamento da clase de E.F. (9).	40	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"Posta en forma experimentando e xogando"	Avaliación inicial (3) Xogos e predeporte con e sen balón normas principais Brilé, dachball, balonmán... (5) Xogos populares e tradicionais. (4) Actividades de coordinación, equilibrio e xiros (9).	40	30	X		
2	"Demostro as miñas habilidades olímpicas xogando e cooperando"	Iniciación ao xogo das palas: agarre correcto, dominio da pelota, pases... (5) Xogos de cooperación e iniciación ao fútbol e baloncesto (7). Deportes olímpicos: natación e atletismo de forma lúdica: salto de altura, valados, lanzamentos... (8)	30	20		X	
3	"Outras maneiras de xogar e disfrutar da contorna"	Deportes alternativos: beisbol, hockey: agarre do stick, conducción da bola, pases... (5) Xogos e deportes tradicionais (4) Expresión corporal, xogando co corpo. (3) Saídas pola contorna: senderismo, praia, orientación... (8)	30	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"Posta en forma experimentando e xogando"	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)		
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida		
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores utilizando as estratexias básicas de cooperación-oposición		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Recoñecer as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por

Contidos

- cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
2	"Demostro as miñas habilidades olímpicas xogando e cooperando"	20

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores utilizando as estratexias básicas de cooperación-oposición		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Recoñecer as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física:

Contidos

- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Educación postural en accións motrices habituais.
- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.
- Saúde social:
 - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
 - Límites para evitar unha competitividade desmedida.
 - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
 - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
 - Respecto e aceptación do propio corpo.
 - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
 - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
 - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
 - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
 - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
 - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
 - Localización no espazo en situacións cooperativas.
 - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
 - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
 - Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
 - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
 - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
 - Definición da lateralidade.
 - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
3	"Outras maneiras de xogar e disfrutar da contorna"	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Aceptar a propia imaxe corporal e a dos demais, mellorando o seu control e dominio corporal		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Aceptar formar parte dun grupo respectando aos demais, cooperando e resolvendo os conflitos de forma dialogada		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores utilizando as estratexias básicas de cooperación-oposición		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoptar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade (xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Recoñecer as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Ser coidadoso co material e as instalacións e participa na súa preparación e recollida		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.

Contidos

- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- * FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- * ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- * PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- * INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- * INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- * LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- * CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles-as) Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que o fai.

Tamén usaremos distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual).

En definitiva, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:
A) Convencional pequeno tamaño: cinta métrica (25 metros), 2 chifres, cronómetro, aros (dun metro de diámetro), cordas (de diferentes tamaños), picas de madeira e de plástico de diversas medidas, conos, pelotas de plástico de diferentes cores, pelotas de goma-espuma de diversos tamaños, pelotas axeitadas para o bote, o lanzamento e a recepción, balóns de voleibol, balóns de baloncesto, balóns de fútbol e fútbol-sala, balóns de balonmán...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, 6 bancos de 2 metros, colchonetas, 2 quitamedos, espaldeiras, mintramp, pelotas grandes,...
C) Non convencional: 2 redes de badminton, raquetas e voantes, stick de hockey, bates de béisbol, zancos, ladrillos, pelotas grandes, canguros, conos de sinalización, globos, sacos, teas, panos,...
D) Non convencional de refugallo: xornais, cartóns, rodas, gomas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur, pelotas manipulativas feitas polos propios nenos , con globos e arroz, pelotas de papel, tamén feitas polos propios alumnos, botellas de plástico recicladas, chapas (plástico/metal), pelouros, soportes de madeira...
E) Instalacións: Un ximnasio cuberto de 400 metros cadrados con 2 canastras de baloncesto, un patio cuberto, patio de 1º e 2º, pistas exteriores con canastras, porterías e postes de voleibol, zonas de terra, recursos que ofrece a nosa contorna...
F) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altofalantes, equipo de música, láminas...

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira.

Os materiais e recursos utilizados na clase de E.F. deben ter certas características:

- Polivalentes, motivadores, colectivos e accesibles
- Un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrucción.
- Sexan unha guía para as aprendizaxes.
- Permitan avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordes ás actividades a realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén elaboraremos recursos con materiais de refugallo para as sesións: cartóns, papel de periódico, rodas, gomas, panos, receptáculos de plástico, soportes de madeira, peletres, chapas... e teremos en conta para a impartición da área de E.F. os recursos que nos ofrece a nosa contorna (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que serán empregados cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Proxectos Científicos	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e describe os datos máis relevantes dos proxectos realizados.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona a información relevante a través de medios sinxelos.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o visto e oído na aula sobre os proxectos realizados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e valora as producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e distingue o tema dos proxectos traballados na aula.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega as TIC de xeito reponsable para a procura, creación e difusión de información.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e interésase polas producións artísticas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora co ordenador manifestacións artísticas audiovisuais básicas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e coloreia co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras de Frida Kahlo.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Comprende e explica o visto e oído na aula sobre os proxectos realizados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.

Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Bloc de debuxo e cartolinas
Aula Virtual
Estoxo
Plastilina

Regras

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o seu avance e progreso: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado comunicaranse ao DO aquelas medidas de atención á diversidade que sexan necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	21	20	19	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de calificación serán os seguintes:

- Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos de carácter individual, cooperativo e investigacións: 60%.
- Observación sistemática de todas as manifestacións do alumnado que nos permitan sumar información: execución das tarefas nos tempos asignados, capacidade individual para a resolución das actividades, predomínio do ben feito á rapidez, atención, emprego axeitado do material adecuado a cada actividade, autonomía, limpeza e orde, participación nos traballos cooperativos: 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

Por último, se hai avaliacións anteriores suspensas, daranse por superadas aprobando as avaliacións posteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.			
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento para a comprobación dos indicadores de logro.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado, faranse constar as incidencias no caderno de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión da PD terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

O CEIP Purilingüe A Pedra (Bueu) atópase nun núcleo semi-rural de ámbito marítimopesqueiro na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean. A meirande parte das familias do alumnado que acolle o centro encádranse dentro da clase social media e mediobaixa.

O centro está formado por dous corpos (edificios):

- Un principal, construído no ano 1972.

- Unha construción a douscentos metros para os alumnos de Educación Infantil.

O recinto escolar dispón tamén dun patio cuberto, varios patios descubertos e un ximnasio de 200 m cadrados e adecuado a normativa L.O.E.

En canto á infraestrutura cultural, Bueu conta cunha Casa da Aldea no lugar de Meiro, que alberga unha sala que funciona como Axencia Municipal de Lectura. Xa no centro da vila está a Casa da Cultura, onde se encontra a biblioteca municipal; o Centro Social do Mar, cun amplo salón de actos; e a Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa. Existen tamén organismos e asociacións do ámbito cultural, social e educativo con iniciativas diversas: actividades extraescolares, programas preventivos,...

Nas proximidades do colexio están situados dous institutos, o IES Illa de Ons (só de secundaria) o IES Johan Carballeira (ESO, FP Básica, Bacharelato, Ciclos formativos de Grao Medio e Superior e Educación de adultos), ao que está adscrito o noso centro.

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 3º B de Educación Primaria. Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos. O CEIP de A Pedra de Bueu é un centro público, que conta coas seguintes unidades creadas: educación infantil 5, educación primaria 13. En primaria contamos co liña dobre menos en 6º que temos liña tres. A aula 3º B está conformada por 16, sendo 8 nenas e 8 nenos.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

- Comunicación oral.

- Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

- Educación literaria.

- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

Todo o alumnado ten cualificación positiva ao rematar segundo de primaria nesta área.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cousas de compis	Na primeira unidade do curso, falamos sobre a escola e os contos. Por iso, a unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras para falar sobre o colexio, os compañeiros e os profesores. Falaremos sobre contos e leremos sobre como a tecnoloxía nos axuda a saber máis sobre os animais. Para terminar, aprenderemos máis sobre textos narrativos e escribiremos o noso propio conto. Ademais, en ortografía aprendemos a interpretar e a utilizar os signos de interrogación e exclamación, así como os dous puntos. En vocabulario semántico falaremos dos elementos da comunicación e en gramática coñeceremos os substantivos individuais e colectivos.	9	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Somos responsables	A unidade traballa o medioambiente e a ecoloxía, polo que comezamos cunha historia que traballa o vocabulario relacionado. Traballamos a comprensión oral dun texto sobre grandes acontecementos na historia da humanidade, e a comprensión lectora proponnos unha carta formal relacionada co tema da unidade, titulada ¿Menos malos fumes¿. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con ll/e, en vocabulario semántico os sinónimos e en gramática vemos o xénero do substantivo. En literatura, observaremos os caligramas e analizaremos a súa función, entre a arte e a literatura. Finalmente na produción escrita animarémonos a escribir nosa propia carta	8	12	X		
3	Tómasme o pelo?	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario lúdica que nos permite xogar con expresións relacionadas con partes do corpo humano. Utilizaremos o vocabulario ao termo da unidade, ao producir o noso propio poema sobre o corpo. En comunicación oral realizaremos unha presentación en clase, para o que suxerimos dedicar dúas sesións lectivas. Leremos a entrevista a unha deportista que nos explicará máis sobre deporte e xénero. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con r forte e r suave, en vocabulario semántico vemos os antónimos e en gramática centrarémonos no número do substantivo. En literatura trataremos sobre o teatro e a súa estrutura.	8	12	X		
4	Con bo humor	Nesta unidade traballamos o período do Nadal e a expresión de emocións, a capacidade de recoñecelas e poñerlles nome. Por iso, a unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce as palabras mais comúns para expresalas. Na comunicación oral traballamos a expresión de distintas emocións e lemos un pequeno conto do Nadal. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos permite escribir unha invitación para un evento. A comprensión lectora lévanos a ler un conto sobre tradicións do Nadal internacionais. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con ¿b¿ e ¿v¿, en vocabulario semántico os diminutivos e en gramática vemos os artigos. En literatura iniciarémonos no cinema e a súa relación coa literatura.	9	12	X		
5	Música mestre!	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre a	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Música mestre!	arte e a cultura. En comunicación oral	8	12	X		
6	Noticias frescas	Nesta unidade iniciamos o noso traballo coñecendo máis sobre os medios de comunicación. Unha vez coñezamos o vocabulario básico traballaremos a comprensión dun programa de radio. Leremos un texto xornalístico real e a unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a crear un anuncio, xa sexa para a publicidade escrita ou ben oral. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>íca, co, cu, que e quí</i> , en vocabulario semántico os prefixos e en gramática vemos os graos do adxectivo, utilizando diversas formas de comparar calidades. En literatura, penetrámonos na novela e os seus recursos estilísticos.	8	12		X	
7	Colle o paraugas	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre os animais que coñecemos e tamén aprendemos novos nomes; posteriormente traballaremos a descrición oral de animais. A comprensión lectora achéganos a unha descrición metade poética metade terrorífica cun breve conto de Concha López Narváez. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a estender o coñecemento do texto descritivo tamén a lugares e situacións. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>íza, zo, zu, ce, cií</i> , en vocabulario semántico as palabras que se forman a partir de prefixos de negación e en gramática vemos os pronomes persoais, o seu xénero e o seu número. En literatura, comezamos a traballar as rimas, a consonante e a asonante.	9	12		X	
8	Pasando o rato	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre o tempo e as horas. Posteriormente traballamos de forma oral as estratexias necesarias para comunicarnos por teléfono de forma eficiente e propoñemos un divertido exercicio no que é necesario prescindir da linguaxe non verbal e falar sobre duración e horario para concertar unha cita por este medio. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a realizar a descrición dunha persoa. A comprensión lectora céntrase na lectura de táboas e gráficos. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>s/z</i> , e a utilización do punto. En vocabulario semántico falamos dos	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Pasando o rato	sufijos e en gramática tratamos do verbo en infinitivo. En literatura, achegámonos ao mundo dos mitos.	8	12		X	
9	En equipo!	A unidade arrinca cun texto e palabras para describir a forma en que nos relacionamos. Traballamos poñendo a proba a nosa comprensión dun texto instructivo, e continuamos achegándonos á forma en que nos relacionamos a través dunha comprensión lectora na que vemos a amizade, o colexio e o barrio a través dos ollos de Manolito Gafotas. Terminamos a lectura cunha reflexión sobre os motes e o abuso. En vocabulario semántico aprenderemos a formar palabras compostas, en ortografía a escribir o plural de palabras terminadas en ð e ñ e en gramática, a entender que é e como se usa o número e a persoa verbal. En literatura realizaremos un achegamento moi práctico a un recurso literario que nos rodea en moitos ámbitos distintos, a personificación, e por último, para pechar a unidade sobre as relacións, produciremos un texto normativo no que se indica unhas regras básicas para a convivencia.	8	11		X	
10	Hai moito tempo...	A unidade arrinca cun texto e palabras para explicar os tempos pasados. Traballamos poñendo a proba a nosa comprensión oral expresando a nosa opinión, e continuamos achegándonos a unha comprensión lectora cunha narración histórica. En vocabulario semántico aprenderemos as palabras derivadas, en ortografía a escribir verbos terminados en ñaba, e en gramática, traballaremos os tempos verbais en pasado. En literatura realizaremos un achegamento ás estrofas dun poema e por último, para pechar a unidade, redactaremos un aviso.	9	11			X
11	Un par de culleradas	Na unidade 11 comezamos escoitando un programa de cociña, ampliando o noso vocabulario e a nosa comprensión oral. A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre as matemáticas e as expresións numéricas. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a escribir unha receita de cociña, coñecendo así a súa estrutura. A comprensión lectora preséntanos un texto sobre a semifinal de Master Chef Junior, programa de TV, ben coñecido polo noso alumnado. Ademais, en ortografía trabállanse os verbos con ñh, en vocabulario semántico as palabras	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Un par de culleradas	polisémicas e en gramática vemos a estrutura da oración, en suxeito e predicado. En literatura, aproximámonos ao romance.	8	11			X
12	Prepara as maletas!	A unidade 12. En comunicación oral expresaremos predicións, utilizando o tempo do verbo en futuro. O verán achégase e en vocabulario introducimos palabras do mundo da viaxe. O exercicio de produción escrita convidanos a coñecer a nota e a aprender a redactar unha. A comprensión lectora, achégnanos a un texto divulgativo. Ademais, en ortografía trabállase a silaba tónica e atona das palabras, en vocabulario semántico coñeceremos a linguaxe de signos e o seu alfabeto. En gramática veremos os tipos de oración segundo a intencionalidade comunicativa. En literatura, introducirmos na diferenza entre a linguaxe literaria e o non literario.	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cousas de compis	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñece a existencia de prexuízos e estereotipos.	TI	40
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender o sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Respecta as normas básicas de organización e funcionamento das bibliotecas de aula e centro.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social e incorpóraos á súa lingua de forma pasiva ou activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.

Contidos
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos responsables	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega correctamente o punto e seguido, aparte e final.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia.	TI	40
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica a información relevante de textos diversos.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Emprega un tono respectuoso.		
CA2.7 - Rexeitir os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica os abusos de poder a través da palabra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Mobilizar estratexias básicas para a comunicación asertiva.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
3	Tómasme o pelo?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega o adxectivo en concordancia co substantivo ao que acompaña.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñece a existencia de prexuízos e estereotipos.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase oralmente de forma coherente.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le textos e identificar o sentido global dos mesmos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e anticipa hipóteses de textos de diversos tipos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Escoita contos e fábulas e diferencia unhas de outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente, onde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase distribuídos así:

-Hora de lectura, un tempo de vinte minutos diarios no que todo o centro está realizando lectura silenciosa.

-Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, segundo as necesidades que xorden da programación diaria do profesor.

A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual.

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en 3º serán:

descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas), instrutivos (receitas, normas, regulamentos), textos discontinuos (formularios, , avisos e anuncios, cadros, gráficos, diagramas, táboas , listas, mapas) e poesía.

Consideramos á familia como unha gran colaboradora na aprendizaxe do noso alumnado, polo que as faremos copartífcipes do proceso.

A familia debe coñecer os obxectivos marcados polos equipos docentes e colaborar na súa execución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas dos seus fillos/as, achegando información sobre eles/as.

Por último, destacar que consideramos fundamental despertar nos alumnos/as un

sentimento de respecto polo mundo que lles rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade dos valores.

Con eles os nenos/as acércanse á outras realidades do seu entorno, sempre dende o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma snappet

Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.
Dicionarios de lingua galega.
Material específico de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
Libros de lectura.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiabiles elaborados polo profesorado.
Recursos na rede.
Kahoots elaborados polo profesorado
Xogos didácticos. .
Biblioteca escolar de aula e do centro.
Periódicos e revistas
Material funxible.
Aula virtual do centro coa `presentación dixital con teoría e actividades por trimestres.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso realizarei unha avaliación inicial da área a cal estou a traballar.

Mediante esta avaliación acadarei a información que preciso dos meus alumnos/as, sabendo así tanto o nivel no que se atopa cada un/unha deles/as así como dos contidos dos que parten mediante:

- Lectura en voz alta para ver o grado de entoación, velocidade e ritmo.
- Ficha de comprensión lectora, coa cal saberei o grado no que se atopa.
- Ditado, mediante o cal poderei comprobar a grafía, faltas ortográficas, o orden, signos de puntuación e a unión e separación de palabras.
- Redacción para ver a súa forma de expresarse.
- Copia, para ver o seu grao de atención ao copiar.

-Aspectos gramaticais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	8	9	8	8	9	8	8	9
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta este peso:

40% Comprensión lectora

30% Expresión escrita

30 % Reflexións sobre a lingua

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
 -Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
 As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.
 O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.
 En todo caso intentarase:
 -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
 -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
 -Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.
 De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.
 O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.
 Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.
 Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. Está previsto realizar unha ACI de lingua castelá.
 O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.
 O neno con adaptación curricular reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, por parte da mestra de audición el linguaxe.
 En todo caso intentarase:
 -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
 -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
 -Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.			X			X		X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.					X	X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.								
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).							X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.				
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).				

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballarase segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas festas de Samaín, Magosto, 25 de novembro e Nadal	Comprensións lectoras e expresións escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas.			
2º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas celebracións do día da Paz, Rosalía, Entroido.	Comprensións lectoras e expresións escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas. Destaca a elaboración de cantigas de Entroido.			
3º TRIMESTRE Actividades relacionadas coas celebracións do día da árbore, día do libro	Comprensións lectoras e expresións escritas a proposta dos equipos de biblioteca e Dinamización lingüística. Charlas de persoas da comunidade educativa sobre a tradicións das festas. Visitas de autores e autoras dos libros traballados no segundo e terceiro trimestre.			

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Actividades relacionadas co PDI do centro.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os puntos da programación son os establecidos.

Realizaches unha avaliación inicial a principio de curso.
Respetaches a distribución temporal dos contidos por avaliación.
Deches todos os contidos estipulados na programación.
Aplicaches a metodoloxía didáctica programada.
Tiveches en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarias para aprobar a materia.
Aplicaches as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou.
Aplicaches os procedementos de avaliación programados e axustacheste aos criterios de calificación.
Levaches a cabo medidas de reforzo educativo dirixido a alumnado que presentaba dificultades de aprendizaxe.
Puxeches en práctica medidas para estimular a interese, o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.
Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados, incluídas as TIC.
Realizaches as actividades complementarias e extraescolares programadas.
A coordinación cos membros do nivel e ciclo foron frecuentes.
Utilizaches diferentes medios para informar a pais e nais, profesores e alumnado (sesións de avaliación, boletíns, reunións, entrevistas, mensaxes abakar, mails , chamadas telefónicas ¿) dos resultados da avaliación.
O 75% do alumnado acadou de forma suficiente os obxectivos e competencias correspondentes.

Descrición:

Estes ítems valoraranse nunha escala do 1 ao 4. De responder 1 ou 2 nalgún deles, sinalarase na escala a causa de tal resultado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

Por último, incluiremos propostas de mellora na memoria final de cara ao vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exigen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia de competencias para a cultura democrática, nas sociedades actuais, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras, e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado.

En consonancia con este enfoque, a área de Lingua Estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado.

No noso centro impártese o inglés dende infantil ata sexto de primaria, e os alumnos comezan en 1º a participar no Programa Plurilingüe nas materias de Plástica (Arts and Crafts) e Música (Music).

Neste curso o alumnado de 3º de primaria está dividido en 2 grupos (A e B) con 15 e 16 alumnos/as respectivamente. Non son grupos moi numerosos, polo que esperamos poder traballar satisfactoriamente a diversidade dentro da aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unit 1: Review "All about me", and I like animals.	Repasarán os contidos, frases e estruturas estudadas o curso pasado, dando información de si mesmo. Falarán dos animais utilizando o verbo To Be en presente para dicir se son ou non eses animais. Estudarán os principais animais en perigo de extinción. Preguntas e respostas afirmativas e negativas curtas e adxectivos cualificativos para describir as características principais destes animais. O presente dos principais verbos de acción para describir as accións que realizan ou non estes animais.	17	19	X		
2	Unit 2: My school day.	Unidade onde aprenderán os nomes das materias de estudo da escola continuando co uso do verbo To Be. Aprenderán a dicir as principais horas (en punto, é media). Poderán dicir a que hora é cada clase cada día da semana segundo o seu horario.	16	18	X		
3	Unit 3: I like cooking.	Nesta unidade aprenderán vocabulario de comidas e bebidas e a dicir cales alimentos lles gustan ou non usando o verbo "Like". Uso da 3ª persoa do singular no verbo like e outros verbos e do auxiliar does para facer oracións interrogativas, afirmativas e negativas curtas e longas.	16	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unit 3: I like cooking.	Utilización da expresión "Have got" para falar dos ingredientes que teñen ou non as comidas para responder de xeito afirmativo ou negativo.	16	16		X	
4	Unit 4: I love the weekend.	Estudar o vocabulario dos deportes, xogos, hobbies e actividades de lecer. Traballar co auxiliar Do para facer preguntas e respostas afirmativas ou negativas curtas e longas con verbo play para saber que actividades deportivas fan ou non. Traballar cos diferentes instrumentos musicais e co auxiliar Can e co verbo play para saber se poden realizar as accións ou se saben tocar os instrumentos ou non.	17	16		X	
5	Unit 5: What do you look like ?	Estudarán o vocabulario e expresións principais das descricións dos rasgos físicos utilizando Have/has got. Repasarán as prendas de vestir e o verbo wear para describir tamén a súa vestimenta. Seguiremos traballando co presente continuo para falar do que están facendo para contribuír a conservar o medio ambiente.	17	18			X
6	Unit 6: Places in town.	Estudarán o vocabulario relativo aos lugares, tendas e principais edificacións que existen na contorna e utilizarán a estrutura There is/are para nomealos. Farán oracións interrogativas, afirmativas e negativas curtas e longas con esta estrutura para dicir os lugares que hai ou non no pobo e utilizarán preposicións para poder localizalos. Estudarán algúns adxectivos posesivos e o posesivo anglo-saxón e farán oracións.	17	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unit 1: Review "All about me", and I like animals.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Responder de forma curta afirmativa e negativa utilizando o verbo To Be acerca dos principais animais estudados a través da presentación de fotos ou debuxos para o seu recoñecemento.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e reproducir os principais saúdos, despedidas e as principais estruturas para autopresentarse vistas en diálogos e modelos presentados en audios e vídeos	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Elaborar diálogos curtos para saudar, presentarse a si mesmos, dicir a idade, preguntar e responder sobre os seus animais favoritos e outros gustos elementais e despedirse axeitadamente utilizando o vocabulario estudado na unidade.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar as similitudes do vocabulario e as estruturas estudadas sobre os animais e as mascotas máis comúns no noso entorno		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Recoñecer e reproducir oralmente os saúdos formais e informais e outras frases e normas de cortesía estudadas e saber en que contextos deben utilizalas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unit 2: My school day.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Dicir as principais horas (en punto, e media) nas que se estudan esas materias.	PE	40
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Recoñecer e reproducir as principais materias de estudo da escola.	TI	60
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Responder de xeito afirmativo e negativo curto ás principais preguntas co auxiliar do para saber si teñen esa materia á hora na que se pregunta.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Dicir cal é a súa materia de estudo favorita e cal é a materia que non lle gusta.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Dicir cales son as principais rutinas dos alumnos dos países de fala inglesa e como van á escola.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Unit 3: I like cooking.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Responder algunhas preguntas co auxiliar Do de xeito afirmativo e negativo, curto e longo sobre os alimentos e comidas que lles gustan. Responder co verbo have/has got algunhas preguntas relativas aos alimentos que levan os pratos coñecidos.	PE	40
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Dicir os principais alimentos e pratos estudados.	TI	60
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Dicir os principais alimentos e pratos que lles gustan ou non.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Dicir cales son os principais alimentos e pratos da cociña inglesa estudados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Unit 4: I love the weekend.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Responder de forma escrita a preguntas co auxiliar Do acerca dos principais deportes, xogos e actividades de lecer que fan ou non os personaxes. Responder de forma escrita a preguntas co auxiliar Can acerca dos principais instrumentos musicais que saben tocar os personaxes.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Dicir os principais deportes, xogos e actividades de lecer así como os principais instrumentos musicais.	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Dicir cal é o seu deporte, xogo e actividade de lecer favoritas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Dicir cal é o seu instrumento musical favorito e se o saben tocar.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Saber que todos os deportes, xogos e actividades de lecer poden ser realizados por tod@s.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Unit 5: What do you look like ?	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Responder preguntas co vocabulario principal das descricións do físico dos personaxes propostos. Responder preguntas co vocabulario principal das vestimentas dos personaxes propostos. Responder preguntas co vocabulario principal das accións que podemos realizar para axudar ao medio ambiente.	PE	40
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar frases co vocabulario principal das descricións do físico e das vestimentas estudadas.	TI	60
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar as principais accións e xestos que podemos realizar para axudar a evitar a contaminación e conservar o noso planeta partindo dunha historia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Falar das principais características das vestimentas e accesorios utilizadas nun texto dado.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Valorar as principais iniciativas dos países onde se fala a lingua estranxeira para a conservación dos recursos naturais partindo da información dada sobre o ciclo da auga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Unit 6: Places in town.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Responder preguntas de xeito afirmativo, negativo, curto e longo usando a estrutura There is/are sobre os principais lugares, tendas e edificacións que hai nos sitios propostos. Responder preguntas con where dicindo onde se encontran os principais establecementos utilizando as preposicións vistas.	PE	40
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Dicir en que lugares se encontran obxectos e animais nun pobo a partir dunha historia.	TI	60
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Dicir os principais lugares, tendas, establecementos e edificacións que hai na contorna.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Substituír os nomes con posesivo anglosaxón nas principais frases dadas por os adxectivos posesivos correspondentes.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Falar dos principais lugares descritos nun texto na cidade de Oxford dado aos alumnos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

Contidos

- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, vídeo clips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario

das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de auto aprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesta lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Libro de texto Class Book e o seu complemento o Libro de texto Activity Book
- Fichas en papel de reforzo e ampliación e flashcards ou tarxetas visuais
- O blog de Inglés do centro "English A Pedra"
- Posters, murais e historias en viñetas ou por láminas
- Encerado dixital interactivo Smartboard
- Videos e audios educativos con cancións e rimas das Editoriais e de plataformas como Vevo e YouTube
- Ferramentas dixitais e páxinas web para a elaboración de materiais e a Aula Virtual do centro
- Xogos físicos, xogos manipulativos e tamén os xogos dixitais
- Historias e contos publicados na rede, libros da biblioteca e revistas "I love English" e "I love English kids"
- Fichas interactivas como, por exemplo, Liveworksheets
- A Auxiliar de Conversa que estará na clase xunto á profe durante 1 sesión semanal con cada grupo

1- Empregamos 2 libros de texto que conteñen moito material impreso a toda cor coma contos, historias, cancións e actividades de moitos tipos para traballar todos os contidos das distintas unidades. Conteñen stickers e crafts (material recortable).

2- Na aula tamén empregamos algunha ficha impresa e moitas flashcards e tarxetas de vocabulario coas que presentamos e repasamos as palabras que traballamos. Tamén facemos xogos con elas.

3- Accedemos a páxinas para escoller lecturas e videos. Tamén temos un blog: English A Pedra onde imos compartindo publicacións de historias e cancións, entre outras cousas, que empregamos na aula: <https://englishapedra.blogspot.com/> Ademais dispoñemos dunha ampla selección de lecturas na biblioteca escolar do centro na sección de inglés e traemos lotes para o recuncho de lectura da aula

4- Posters e murais dispostos pola aula que serven de apoio visual nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

5- Encerado dixital interactivo - Smartboard. Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir de aí todo son posibilidades.

6- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais,

dereitos de nenos e nenas e os ODS.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra.

Por exemplo:

- Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

- Genially: <https://genial.ly/why-genially>

- Canva: https://www.canva.com/es_419/

- Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

- Speak and play: <https://speak-and-play-english.com/>

8- Xogos manipulativos, físicos e dixitais:

- Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

- Xogos de tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta; memory game; facer parellas...

- Xogos de taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar: Snakes and ladders, Noughts and crosses, Trivial, Scrabble, Crazy Chefs, Pictionary...

- Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

- Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

- xogos de rol,

- xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

- xogos de localización e movemento no espazo.

9- Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión. Ademais o centro conta tamén coa suscripción a 2 revistas educativas en Inglés: "I love English" and "I love English kids" para incentivar a lectura en Inglés xa que estas revistas aportan contos, historietas, xogos, reportaxes de actualidade e moitos outros estímulos que axudan a este fin.

10- No centro utilízase tamén a plataforma de fichas interactivas Liveworksheets para practicar, reforzar ou ampliar os coñecementos adquiridos a través de fichas intractivas atractivas, novedosas, intuitivas e entretidas.

11- O centro conta co/a auxiliar de conversa que cada ano acompaña ás profes de Inglés nunha sesión semanal por aula e nivel para traballar a práctica oral da lingua (Oral Interaction) cunha persoa nativa falante. Isto lle aporta aos alumnos unha pronuncia e entoación óptimas e unha interacción oral ideal en situacións comunicativas reais e constantes que favorecen o uso da lingua estranxeira e reforzan o traballo da profesora.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Neste proceso pódense recoller evidencias con pequenas probas ou a través da observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Tamén se revisarán os informes sobre o grao de adquisición das competencias clave do alumnado en cursos anteriores, tendo en conta as medidas de reforzo programadas e previstas para o curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	16	17	17	17	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Terase en conta para avaliar a actitude do alumnado, as tarefas realizadas no caderno, as fichas de traballo, os proxectos e as probas escritas, orais (speaking), de lectura (Reading-comprehension) e de audición (listening).

Empregaranse distintas rúbricas para avaliar as unidades didácticas e cada unha terá un peso específico na avaliación. e tamén procedementos e evidencias como a observación sistemática, posta en común, presentacións, representacións tipo roleplay, teatrais, análise de portafolios e outros.

Utilizaranse instrumentos: como táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez ,menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia, terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dos temas ou destrezas nas que presenta as dificultades tales como: explicacións individuais, fichas ou pequenos proxectos sinxelos para reforzar un aspecto concreto do currículo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Algunhas propostas para atender ao alumnado que teñamos no grupo, segundo as características que presenten.

poderían ser:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos/as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.

As actividades deben ser flexibles para que todos poidan participar e facilitar así o seu progreso, prestándolles apoio cando así o requiran. Contamos sempre con actividades de reforzo para os alumnos/as que se estanquen (slow learners) e de ampliación para os máis avanzados (fast learners).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz,		X	X		X	
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X		X		X	X

Observacións:

Calquera destes ou outros elementos transversais poderán traballarse ao longo do curso se xurde a necesidade dentro da aula ou se está relacionado co tema elixido polo claustro para traballar dende a biblioteca como proxecto vertebrador en todo o centro neste curso escolar.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola	Samain, Magosto, 25- N, Nadal, Paz, Entroido, Maios, 8-M, Dereitos da infancia, Día do libro,			
Conmemoracións específicas relacionadas coa lingua estranxeira	Halloween, Guy Fawkes, Thanksgiving, Christmas, Peace, Carnival, Saint Patrick's, Easter, ...			
Hora de ler	O profesorado de inglés e CLIL leva a cabo a hora de ler en inglés.			
Saídas escolares	Aproveitaranse nas aulas de Lingua Estranxeira as saídas para actividades de aprendizaxe.			

Observacións:

Levarase a cabo calquera outra actividade que xurda ao longo do curso escolar e o profesorado de linguas estranxeiras considere de interese para o alumnado como, por exemplo, saídas ao teatro se se oferta algunha obra en Inglés; etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
¿ Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
¿ Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
¿ As coordinacións coas titoras/es e co profesorado que imparte no mesmo nivel foron frecuentes.
¿ Existiu coordinación entre o profesorado de LE e o de CLIL.
¿ Seguíronse os puntos establecidos na programación.
¿ Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas
¿ Traballáronse todos os contidos contemplados na programación
¿ Aplicáronse as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou.
¿ Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixido ao alumnado que presentou dificultades de

Descrición:

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: a dificultade e duración das actividades, a motivación do alumnado, a temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, as medidas de atención á diversidade... O procedemento para a recollida de información farase nas reunións plurilingües e na memoria anual de final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

A finais de curso, o profesorado de lingua estranxeira fará unha valoración dos resultados académicos do alumnado e terao en conta á hora de establecer propostas de mellora cara o seguinte curso. Tamén se considerarán os resultados da avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe e da práctica docente.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 3º de Educación Primaria. Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos. O CEIP de A Pedra de Bueu é un centro público, que conta coas seguintes unidades creadas: educación infantil 5, educación primaria 13. En primaria contamos co liña dobre agás 6º que este ano conta con liña triple. A aula de 3ªA, está conformada por 15 alumnos e alumnas, sendo 4 nenas e 11 nenos. A aula de 3º B está conformada por 16, sendo 8 nenas e 8 nenos

O ensino da área ou materia de Lingua galega e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua galega e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cousas de compis	Na primeira unidade do curso, falamos sobre a escola e os contos. Por iso, a unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras para falar sobre o colexio, os compañeiros e os profesores. Falaremos sobre contos e leremos sobre como a tecnoloxía nos axuda a saber máis sobre os animais. Para terminar, aprenderemos máis sobre textos narrativos e escribiremos o noso propio conto. Ademais, en ortografía aprendemos a interpretar e a utilizar os signos de interrogación e exclamación, así como os dous puntos. En vocabulario semántico falaremos dos elementos da comunicación e en gramática coñeceremos os substantivos individuais e colectivos.	9	12	X		
2	Somos responsables	A unidade traballa o medioambiente e a ecoloxía, polo que comezamos cunha historia que traballa o vocabulario relacionado. Traballamos a comprensión oral dun texto sobre grandes acontecementos na historia da humanidade, e a comprensión lectora proponnos unha carta formal relacionada co tema da unidade, titulada ¿Menos malos fumes¿. Ademais, en ortografía trabállanse	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Somos responsables	as palabras con ll/e, en vocabulario semántico os sinónimos e en gramática vemos o xénero do substantivo. En literatura, observaremos os caligramas e analizaremos a súa función, entre a arte e a literatura. Finalmente na produción escrita animarémonos a escribir nosa propia carta.	8	12	X		
3	Tómasme o pelo?	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario lúdica que nos permite xogar con expresións relacionadas con partes do corpo humano. Utilizaremos o vocabulario ao termo da unidade, ao producir o noso propio poema sobre o corpo. En comunicación oral realizaremos unha presentación en clase, para o que suxerimos dedicar dúas sesións lectivas. Leremos a entrevista a unha deportista que nos explicará máis sobre deporte e xénero. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con r forte e r suave, en vocabulario semántico vemos os antónimos e en gramática centrarémonos no número do substantivo. En literatura trataremos sobre o teatro e a súa estrutura.	8	12	X		
4	Con bo humor	Nesta unidade traballamos o período do Nadal e a expresión de emocións, a capacidade de recoñecerlas e poñerlles nome. Por iso, a unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce as palabras mais comúns para expresalas. Na comunicación oral traballamos a expresión de distintas emocións e lemos un pequeno conto do Nadal. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos permite escribir unha invitación para un evento. A comprensión lectora lévanos a ler un conto sobre tradicións do Nadal internacionais. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con žbž e žvž, en vocabulario semántico os diminutivos e en gramática vemos os artigos. En literatura iniciarémonos no cinema e a súa relación coa literatura.	9	12	X		
5	Música mestre!	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre a arte e a cultura. En comunicación oral aprenderemos a dialogar, a usar a empatía	8	12	X		
6	Noticias frescas!	Nesta unidade iniciamos o noso traballo coñecendo máis sobre os medios de comunicación. Unha vez coñezamos o vocabulario básico traballaremos a comprensión dun programa de radio. Leremos un texto xornalístico real e a unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a crear un anuncio,	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Noticias frescas!	xa sexa para a publicidade escrita ou ben oral. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>íca</i> , <i>co</i> , <i>cu</i> , <i>que</i> e <i>quíç</i> , en vocabulario semántico os prefixos e en gramática vemos os graos do adxectivo, utilizando diversas formas de comparar calidades. En literatura, penetrámonos na novela e os seus recursos estilísticos.	8	12		X	
7	Colle o paraugas	7 A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre os animais que coñecemos e tamén aprendemos novos nomes; posteriormente traballaremos a descrición oral de animais. A comprensión lectora achéganos a unha descrición metade poética metade terrorífica cun breve conto de Concha López Narváez. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a estender o coñecemento do texto descritivo tamén a lugares e situacións. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>íza</i> , <i>zo</i> , <i>zu</i> , <i>ce</i> , <i>ciç</i> , en vocabulario semántico as palabras que se forman a partir de prefixos de negación e en gramática vemos os pronomes persoais, o seu xénero e o seu número. En literatura, comezamos a traballar as rimas, a consonante e a asonante.	9	12		X	
8	Pasando o rato	A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre o tempo e as horas. Posteriormente traballamos de forma oral as estratexias necesarias para comunicarnos por teléfono de forma eficiente e propoñemos un divertido exercicio no que é necesario prescindir da linguaxe non verbal e falar sobre duración e horario para concertar unha cita por este medio. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a realizar a descrición dunha persoa. A comprensión lectora céntrase na lectura de táboas e gráficos. Ademais, en ortografía trabállanse as palabras con <i>s/z</i> , e a utilización do punto. En vocabulario semántico falamos dos sufixos e en gramática tratamos do verbo en infinitivo. En literatura, achegámonos ao mundo dos mitos.	8	12		X	
9	En equipo!	A unidade arrinca cun texto e palabras para describir a forma en que nos relacionamos. Traballamos poñendo a proba a nosa comprensión dun texto instrutivo, e continuamos achegándonos á forma en que nos relacionamos a través dunha comprensión lectora na que vemos a	8	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	En equipo!	amizade, o colexio e o barrio a través dos ollos de Manolito Gafotas. Terminamos a lectura cunha reflexión sobre os motes e o abuso. En vocabulario semántico aprenderemos a formar palabras compostas, en ortografía a escribir o plural de palabras terminadas en <i>íd</i> e <i>íz</i> e en gramática, a entender que é e como se usa o número e a persoa verbal. En literatura realizaremos un achegamento moi práctico a un recurso literario que nos rodea en moitos ámbitos distintos, a personificación, e por último, para pechar a unidade sobre as relacións, produciremos un texto normativo no que se indica unhas regras básicas para a convivencia.	8	11		X	
10	Hai moito tempo...	A unidade arrinca cun texto e palabras para explicar os tempos pasados. Traballamos poñendo a proba a nosa comprensión oral expresando a nosa opinión, e continuamos achegándonos a unha comprensión lectora cunha narración histórica. En vocabulario semántico aprenderemos as palabras derivadas, en ortografía a escribir verbos terminados en <i>ába</i> , e en gramática, traballaremos os tempos verbais en pasado. En literatura realizaremos un achegamento ás estrofas dun poema e por último, para pechar a unidade, redactaremos un aviso.	9	11			X
11	Un par de culleradas	Na unidade 11 comezamos escoitando un programa de cociña, ampliando o noso vocabulario e a nosa comprensión oral. A unidade arrinca cunha lección de vocabulario que introduce palabras sobre as matemáticas e as expresións numéricas. A unidade conclúe cun exercicio de produción escrita que nos convida a escribir unha receita de cociña, coñecendo así a súa estrutura. A comprensión lectora preséntanos un texto sobre a semifinal de Master Chef Junior, programa de TV, ben coñecido polo noso alumnado. Ademais, en ortografía trabállanse os verbos con <i>íhí</i> , en vocabulario semántico as palabras polisémicas e en gramática vemos a estrutura da oración, en suxeito e predicado. En literatura, aproximámonos ao romance.	8	11			X
12	Prepara as maletas	A unidade 12. En comunicación oral expresaremos predicións, utilizando o tempo do verbo en futuro. O verán achégase e en vocabulario introducimos palabras do mundo da viaxe. O exercicio de produción escrita convidanos a coñecer a	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Prepara as maletas	nota e a aprender a redactar unha. A comprensión lectora, achéganos a un texto divulgativo. Ademais, en ortografía trabállase a silaba tónica e atona das palabras , en vocabulario semántico coñeceremos a linguaxe de signos e o seu alfabeto. En gramática veremos os tipos de oración segundo a intencionalidade comunicativa. En literatura, introducirmonos na diferenza entre a linguaxe literaria e o non literario.	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cousas de compis	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos.	TI	40
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender o sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	Respecta as normas básicas de organización e funcionamento das bibliotecas de aula e centro.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social e incorpóraos á súa lingua de forma pasiva ou activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos responsables	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega correctamente o punto e seguido, aparte e final.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Amosa interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia.	TI	40
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Identifica a información relevante de textos diversos.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Describe a un lugar ou un obxecto utilizando tres características.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica os abusos de poder a través da palabra.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Mobilizar estratexias básicas para a comunicación asertiva.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
3	Tómasme o pelo?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega o adxectivo en concordancia co substantivo ao que acompaña.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos.	TI	40
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase oralmente de forma coherente.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le textos e identificar o sentido global dos mesmos.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e anticipa hipóteses de textos de diversos tipos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Escoita contos e fábulas e diferencia unhas de outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
4	Con bo humor	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Produce textos a partir de modelos dados.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as regras ortográficas naturais e gramaticais para comunicarse.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Incorpora vocabulario novo de forma pasiva e minimamente activa á súa lingua.		
CA1.4 - Rexeitir os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Usa unha linguaxe non discriminatoria.	TI	40
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Emprega un tono respectuoso.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase oralmente de forma coherente.		
Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias. Ademais, contamos cunha aula, aínda que non moi espaciosa para as actividades de movemento, insonorizada e con tarima flotante. Ao carecer de PAD de cores para os casos con NEAE adaptáronse todos estes instrumentos con gomets de cores para facilitar a aprendizaxe e práctica de cancións e ritmos.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol con fundas plásticas para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI e PAD.

-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	20	20	20	0	12
Táboa de indicadores	80	80	80	100	88

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido no presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Interpretación de panxoliñas e outras pezas e cancións aprendidas durante o trimestre.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.			

Observacións:

Festivais nos que participará todo centro e serán fundamentais para a o proceso de avaliación e mellora da práctica docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A presente programación está dirixida ao alumnado de 3º de Primaria do CEIP da Pedra, en Bueu, distribuído en dous grupos, A e B, con 7 alumnos/as en 3ºA e 12 alumnos/as en 3ºB.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un mundo cheo de emocións!	Recoñecemento das distintas emocións e das sensacións que estas nos producen. Identificación de estratexias que nos permiten controlar o noso estado emocional.	35	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Detectives de emocións	Recoñecer a emoción na cal nos atopamos e identificar en distintas situacións e contextos as emocións presentes. Xogar con cancións e contos que nos permitan identificar emocións e sensacións e tamén ser quen de realizar unha proposta creativa na cal se manifesta unha emoción concreta.	35	11		X	
3	Xogamos e creamos coas emocións!	Adoptar distintos roles e ser quen de representar distintas situacións propias da vida cotiá na cal se poñen de manifesto distintas emocións.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un mundo cheo de emocións!	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das emocións e da súa identificación.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Detectives de emocións	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Xogamos e creamos coas emocións!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as tarefas elaborados ao longo da unidade.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na primeira avaliación explicarase cal é o obxectivo da materia: desenvolvemento de emocións e habilidades sobre as emocións co obxectivo de capacitar ao alumnado para afrontar mellor os retos que se planteen na vida cotiá. Todo isto ten como finalidade aumentar o bienestar persoal e social.

- Recoñeceremos e identificaremos as distintas emocións: que sensacións nos produce, en que situación sentimos esa emoción; que outras sensacións hai asociadas; que estratexias empregamos cando nos sentimos así; é unha emoción negativa ou positiva...

- Creación dun dicionario sobre as emocións por parte do alumnado.

Na segunda avaliación, os distintos grupos cooperativos poñeremos en práctica os contidos traballados no primeiro trimestre:

- As emocións están presentes no noso día a día: cancións, contos...

- Atopar na música unha estratexia ou ferramenta que nos axude a identificar as nosas emocións e, de necesitalo, volver a un estado de calma e relaxación.

- Atopar na literatura un espello no cal recoñecer as nosas emocións e sentirnos identificados cos seus protagonistas, reflexionando sobre as súas inxerencias como unha fonte de aprendizaxe para nós mesmos.

Na terceira avaliación, o alumnado en grupos, elaborará un produto final que recolla o aprendido ata o momento:

- A tarefa consiste en realizar pequenas representacións teatrais onde a través dos personaxes o alumnado se porá en lugar das emocións e comprenderá cada unha delas. Ao mesmo tempo, desenvolveremos a súa creatividade, capacidade de traballo en equipo e habilidades sociais. Por outro lado, tamén se desenvolven mecanismos de improvisacións, aprender a desenvolverse e a ser rápidos e resolutivos

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolinas, pegamento, tesoiras...
Ordenador, encerado dixital e tablets da aula para a búsqueda de información, gravar vídeos ou fotografías, etc.
Biblioteca do centro: búsqueda de información, de recursos e de libros.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado en grupos cooperativos de catro membros que fomenten o traballo colaborativo ou en U para escenificacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha pequena avaliación inicial do alumnado. Para iso, contarase cos seguintes elementos:

- Xogos e actividades nos cales o alumnado terá que identificar que emoción se manifesta en cada situación.
- Un emcionómetro que nos permita recoñecer e identificar as emocións, dende a máis negativa a máis positiva.
- Debates e intercambios orais na aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios empregados para a obtención da cualificación de cada unidade son:

- Diálogos na aula (30%).
- Debates (20%).
- Xogos cooperativos (15 %).
- Traballo cooperativo (15 %).
- Producións plásticas (20%).

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes

contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do espírito crítico e científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Marcadas polo calendario escolar			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Marco legislativo.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español. Considerando a declaración universal dos dereitos humanos recoñecidos pola constitución española, esta programación tivo en conta os seguintes documentos legislativos e curriculares:

Tratados Internacionais recoñecidos por España: Declaración Universal de Dereitos Humanos, de 1948 (art. 26.3), que recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais, de 1966 (art. 13.3), e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, de 2000 (art. 10 e 14.3), que recoñecen o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións.

Acordo internacional suscrito entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, do 3 de xaneiro de 1979.

Constitución española, do 6 de decembro de 1978 (art. 27.2 e 3). Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria. Resolución do 21 de xuño de 2022 (BOE Núm. 150), da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o currículo da ensinanza de relixión católica correspondente a educación primaria. Orden 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Contexto.

A proposta educativa desta materia favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o espertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

O colexio onde se imparte esta materia, O CEIP A Pedra, enmarcase na parroquia de San Martiño, concello de Bueu, bisbarra do Morrazo. Trátase dun municipio eminentemente pesqueiro, basta dicir que o 30% da poboación activa traballa nestas tarefas, acrecentándose a súa importancia polo gran número de empregos indirectos. Con unha poboación sobre 11.987 habitantes e un unha reta media bruta de 24.283 euros, ten unha taxa de desemprego rexistrada que ronda o 14,30 %.

O CEIP A Pedra é un centro público con domicilio na rúa A Pedra 26, concello de Bueu. Está adscrito ó instituto Johan Carballeira. Conta con 5 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria. Está dividido en dous edificios: O Valado, de educación infantil e A Pedra, de educación primaria. A maioría dos alumnos é castelanfalante. A lingua vehicular, na materia de relixión católica, será o castelán, aínda que nalgún momento se visualicen producións en galego ou se cante en galego, como apoio ao proxecto lingüístico. A maioría dos alumnos non son novos, agás os de

primeiro curso, polo que coñecen as rutinas do colexio e ao profesor. A área de Relixión Católica impártese en sesións semanais de 45 minutos. O profesor que imparte a materia é Jesús M. Mouriño Rodríguez.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Temos unha misión.	Deus ten un plan para cada persoa que ten que ver co ser feliz e facer felices aos demais. Noé escoitou a Deus e aceptou o plan que	11	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Temos unha misión.	Deus tiña para él. Os cristiáns escoitamos a chamada de Deus.	11	4	X		
2	Somos responsables.	Deus fixo unha alianza co seu pobo e nunca deixou de cumprila. Os cristiáns confiamos en Deus. Deus confía en nos e conta coa nosa axuda para facer do mundo un lugar máis pacífico e xusto.	11	4	X		
3	Chega o Nadal.	Deus nos envía a Xesús, o Mesías. Os cristiáns celebramos en Nadal o nacemento de Xesús, o Salvador. O Nadal para os cristiáns é un tempo de ledicia que queremos compartir cos demais.	14	5	X		
4	Amigos de todos.	Xesús acolle a todas as persoas sin excepción. Xesús vive como Deus quere: amando, acollendo e perdoando. Os cristiáns aprendemos de Xesús. Él nos ensina a ser felices.	10	3		X	
5	Construimos un mundo novo.	Xesús anunciou o reino de Deus. Unha mensaxe de amor para todas as persoas. Os xestos e accións de Xesús mostran en que consiste o reino de Deus. Os cristiáns acollemos o reino de Deus cando amamos aos demais e os tratamos como irmáns.	10	3		X	
6	O amor máis grande.	Xesús deu a súa vida para salvar a toda a humanidade. A morte e resurrección de Xesús é o acontecemento máis importante da fe cristiá. En Semana Santa recordamos os días máis importante da vida de Xesús.	14	5		X	
7	A familia cristiá.	Para Xesús todas as persoas que acollen a mensaxe de Deus e siguen as súas ensinanzas con a súa nova familia. A gran familia cristiá é a Igrexa. Todos os bautizados formamos a Igrexa. A Igrexa é a comunidade dos discípulos de Xesús unidos polo Espírito Santo.	14	5			X
8	A Igrexa hoxe.	A mensaxe de Xesús se estendeu a partir de Pentecoste. O Espírito Santo anima e une na fe á Igrexa. A Igrexa é o corpo de Cristo. O domingo é o día de festa para os cristiáns.	16	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Temos unha misión.	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Identificar manifestacións de servizo ou vocación en accións cotiás.	PE	40
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Comprender que a vocación cristiá consiste en facer o ben e ser testemuñas do amor de Xesús.		
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Comprender que todas as persoas temos unha vocación e podemos alcanzala desenvolvendo as nosas capacidades.	TI	60
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Ilustrar de forma artística e expresar cómo é e cumpre a súa vocación un personaxe bíblico.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Identificar situacións que ocorren na súa contorna e poden ser mellorables.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Comprender que o desenvolvemento da vocación fai felices aos demais e a nosoutros mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Antigo e Novo Testamento. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos responsables.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Identificar e mostrar interese por realizar accións e comportamentos que mostren o compromiso de colaboración con Deus.	PE	48
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Asociar a responsabilidade e a confianza en Deus como resposta á alianza de Deus con seu pobo.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Comprender que Deus segue amando e confiando no seu pobo a pesar da nosa infidelidade.		
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Identificar e comprender que os cristiáns temos unha responsabilidade cos demais e co medio ambiente.	TI	52
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Animar e colaborar como persoas responsables e de confianza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Traballar en equipo e coidar dos compañeiros e respectar as normas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
3	Chega o Nadal.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Descubrir cómo Deus cumpre a súa promesa co anuncio e nacemento de Xesús, o Mesías Salvador, o Fillo de Deus feito home.	PE	40
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Comprender o nacemento de Xesús como o feito que fundamenta o Nadal.		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Recoñecer a importancia e necesidade para os cristiáns de anunciar o nacemento de Xesús.	TI	60
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Descubrir o cambio que se produce na contorna como preparación para a chegada do Nadal, esperada e celebrada con ilusión e ledicia.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Identificar as principais celebracións cristiás no Nadal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Antigo e Novo Testamento. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
4	Amigos de todos.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Comprender que podemos ser exemplo de amor a Deus e a os demais seguindo o exemplo de Xesús.	PE	55
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Identificar xestos, palabras e accións de persoas acolledoras que favorecen o crecemento persoal e espiritual.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Asociar o comportamento de Xesús na súa relación coas persoas co amor de Deus.		
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximas, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Coñecer cómo era a relación de Xesús coas persoas.	TI	45
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Valorar e apreciar a actitude de acollida e respecto para mellorar a nosa relación cos demais.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Coñecer cómo era a relación de Xesús coas persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
5	Construimos un mundo novo.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Identificar manifestacións do reino de Deus nas accións cotiás que podemos facer.	PE	50
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Saber que para os cristiáns acoller o reino de Deus significa crer que Deus é o noso Pai e todas as persoas somos irmáns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Identificar situacións que suceden na nosa contorna e poden ser mellorables.	TI	50
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Comprender que os cristiáns somos constructores do reino de Deus porque amamos, somos xustos, perdoamos e confiamos en Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
6	O amor máis grande.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comprender que os cristiáns celebramos en Semana Santa e Pascua a morte e resurrección de Xesús; o acontecemento máis importante da fe cristiá.	PE	55
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Coñecer e entender o significado dos principais acontecementos na última semana da vida de Xesús.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Saber e comprender o mandamento novo que nos dou Xesús: o mandamento do amor.	TI	45
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identificar os pasos de Semana Santa como tradicións da relixiosidade poular e representación de momentos importantes na vida de Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
7	A familia cristiá.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Percatarse de que na Igrexa existen distintos membros según as diferentes funcións e tarefas que realizan.	PE	55
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Coñecer cómo Xesús forma unha nova familia elixindo aos apóstolos para que anunciaran o reino de Deus e bautizaran.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identificar a Igrexa como a gran familia de Xesús, a comunidade dos bautizados unidos polo Espírito Santo.		
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos craves da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Sentirse membro da familia de Xesús e comprender que está composta por todas as persoas que acollen a súa mensaxe e seguen as súas ensinanzas.	TI	45
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valorar o papel da súa familia e o amor como a súa característica máis importante.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Recoñecer a importancia e a necesidade para os cristiáns de mellorar como persoas e como membros da Igrexa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
8	A Igrexa hoxe.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Recoñecer a forza e valor que deu o Espírito Santo en Pentecoste aos apóstolos para proclamar o evanxeo e dar exemplo a todos coas súas palabras e coa súa vida.	PE	48
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comprender que o domingo é festivo en occidente pola influencia cristiá; e os cristiáns dedicamos este día ao Señor porque foi o día en que resucitou Xesús.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Saber que os cristiáns continuamos a misión que Xesús nos encomendou celebrando e vivindo a nosa fe en comunión e amor.		
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Coñecer cómo vivían os primeiros cristiáns e poñían en práctica o que Xesús lles ensinou e a misión que lles encomendou.	TI	52
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Coñecer que a Igrexa, como corpo de Cristo, é animada polo seu Espírito.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Apreciar como cristián o exemplo de San Paulo, o apóstolo das nacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta a chamada Pedagogía de Deus. A «pedagogía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciáveis: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirle a súa mensaxe.

Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica ha de provocar o desenvolvemento integral, buscando estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno.

A si mesmo, debe fomentar a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia, do acoso escolar, así como a cultura da paz e os dereitos humanos.

O docente pasa a ser «xestor de coñecemento» para que o alumnado adquiera as competencias adecuadas á súa idade. Partimos dos coñecementos e da experiencia que ten o alumnado, utilizando, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Esta metodoloxía está orientada a preparar ao alumnado para a vida, ensinando a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade.

As tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, de xeito que o coñecemento debe transformarse en acción, experiencia e vivencia aplicada, na medida do posible, aos contextos próximos ao alumnado.

Principios metodolóxicos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

- * Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e inclusiva, que preste especial atención á diversidade, e con actividades que teñan sentido. Partiremos dos problemas e as situacións reais dos alumnos. Partiremos da avaliación inicial.

- * Aprendizaxe dinámica, construtiva e significativa, e globalizadora. Que axude a desenvolver todas as capacidades do alumno: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar o significativo do aprendido e a súa aplicación á vida.

- * Aprendizaxe progresiva, baseada no principio de continuidade. Supón coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

- * Aprendizaxe de sentido último. Os alumnos iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser. Irán descubrindo isto, nos símbolos e signos do súa contorna, no progreso do curso e na umanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

- * Aprendizaxe colaborativa. Deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros, como unha forma de experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

- * Aprendizaxe autónoma. Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, conectada coa vida, e que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favoreza.

- * Aprendizaxe activa. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só, pero con axuda si pode.

- * Aprendizaxe participativa. Buscar unha maior participación do alumnado na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros, fomentado desde o voluntariado.

- * Aprendizaxe motivadora. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

- * Aprendizaxe potencial. Fomentarse a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, a fin de fomentar súa autonomía.

- * Aprendizaxe emocional. Facilitaranse técnicas de autorregulación das súas propias emocións, e se promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- * Aprendizaxe na diversidade. Terase en conta as características persoais de cada alumno. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Agrupamento dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado na aula (gran grupo, pequeno grupo, individual, etc.) estableceranse en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

Os agrupamentos serán fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

Organización dos espazos e tempos.

Adaptada aos alumnos. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión.

Será unha organización o mais flexible posible, adaptada á idade, actividade, motivación, etc., buscando que os alumnos sexan dinámicos e se sintan motivados, tanto a nivel individual como en grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

Secuencia e descrición do proceso metodolóxico.

* **Experiencia inicial:** Partimos dunha experiencia inicial que reflicten sentimentos e emocións que son familiares e fomenta o descubrimento tanto do mundo interior do alumnado como da súa contorna; detecta as capacidades e coñecementos previos, e motiva para achegarse ao tema. Esta primeira sesión das unidades didácticas será fundamentalmente oral.

* **Relato bíblico:** A experiencia inicial ilumínase coa lectura e escoita da Palabra de Deus, mediante un relato bíblico. Esta sesión é nuclear.

* **Desenvolvemento dos contidos:** Logo desenvolvemos os contidos, isto é, a asimilación da Palabra de Deus encarnada na realidade cotiá do alumnado e na súa contorna.

* **Obradoiro:** O alumnado reflexiona sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe, recompilando as aprendizaxes máis significativas de maneira práctica. Desenvolveranse as actividades de reforzo e ampliación, complementarias ás anteriores. De reforzo para aquel alumnado que non poida seguir o ritmo de aprendizaxe da clase, e de ampliación para o alumnado que leva un maior ritmo de aprendizaxe.

* **Avaliación:** Serán todas as utilizadas durante as sesións das unidades didácticas. As recollidas nos apartados correspondentes da programación. Terá lugar o finalizar cada unidade didáctica.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto.
Caderno de traballo.
Sagrada Biblia.
Libros de apoio, consulta e de lectura.
Materiais diversos.
Imaxes de distintas producións artísticas.
Materiais para producións artísticas.
Xogos e outros elementos lúdicos.
Monicreques.
Materiais audiovisuais.
WEB relacionadas coa materia.

Libro de texto: «Relixión católica 3º de Primaria. Edén-Revuela», SM-PPC. Contén licenza para acceder ao libro dixital. O Caderno de traballo será similar o utilizado nas outras materias.

Sagrada Biblia: versión oficial da Conferencia Episcopal Española. Tanto en formato de papel coma na súa versión «en liña» (<https://www.conferenciaepiscopal.es/biblia>).

Libros de apoio, consulta e de lectura: «La Biblia didáctica», SM-PPC; «YOUCAT para niños», Ediciones Ecuentro; «¿Dónde vive Dios?... y 101 preguntas más», Editorial Verbo Divino; «Historias de la Biblia: El viaje a la tierra

prometida», SM; «La Biblia: Historias de Dios», PPC; e outros similares.

Materiais diversos: Láminas, revistas misioneras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: Pintura, escultura, arquitectura, fotografía, etc.

Os materiais para producións artísticas: Ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización: «La casita sobre la roca», Ewtn Mmix; «El evangelio en dibujos animados», Nest; «El hermano Zeferino», Herald Entertainment; «Grandes héroes y leyendas de la biblia»; e outros semellantes.

WEB relacionadas coa materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso precisamos partir dos coñecementos previos que ten o alumnado e servímonos da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada alumno. Ao comezo de cada curso faremos unha avaliación inicial con actividades lúdicas sinxelas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno. Tamén, ao comezo de cada Unidade Didáctica, faremos unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	14	10	10	14	14	16	100
Proba escrita	40	48	40	55	50	55	55	48	49
Táboa de indicadores	60	52	60	45	50	45	45	52	51

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. A avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os procedementos e instrumentos de avaliación. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se entrega para recoller as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación. Consideramos os seguintes instrumentos de avaliación:

* Proba escrita: Instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través de unha evidencia escrita. Proba formulada en forma de cuestionario; Resumo de diversos contidos do currículo; Cadro cronolóxico (ordenación cronolóxica dos feitos máis importantes dun relato bíblico); etc.

* Táboa de indicadores: Instrumento no que alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia co apoio dunha lista de indicadores ou escalas de valoración. Diario de clase; Follas de seguimento; Rexistros dos diálogos co alumnado, de exposicións de un tema, de probas orais; Libro de texto; Caderno de traballo; etc.

Os criterios de cualificación son aqueles requisitos que deseñamos para determinar o grao de aprendizaxe dun alumno nunha escala determinada, nunha unidade didáctica ou nunha avaliación. O grao de consecución exprésase nos termos de: Insuficiente (para as cualificacións que non acadan dos mínimos de consecución), Suficiente, Ben, Notable, Sobresaliente (para as cualificacións que superen o mínimo de consecución).

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre, e unha avaliación final ordinaria no mes de xuño. O alumnado deberá acadar as ensinanzas mínimas que constan nesta programación didáctica.

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos criterios previamente ponderados dentro de cada unidade didáctica; a media ponderada das unidades didácticas conformarán a cualificación da avaliación trimestral. A cualificación final da materia será a media ponderada das cualificacións de todas as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos máis manipulativos, actividades de reforzo sinxelas, etc.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno, antes de que finalice cada Unidade Didáctica, se solicitará axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Na LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos. Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas. Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Se implantarán actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos. Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.	X	X			X			X
ET.5 - Educación para a igualdade entre mulleres e homes.	X					X	X	
ET.6 - Educación para a non violencia e a paz, e resolución de conflitos.		X	X	X	X	X		
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente e o consumo responsable.	X	X			X			X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X					X	
ET.9 - Educación emocional e en valores cristiáns e dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación na «entre-cultura».	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A comprensión lectora a faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos e favorece a igualdade de oportunidades.

A relixión católica é en si mesma unha educación en valores, é transversal a todas as culturas. Polo tanto tamén a inclúo neste apartado, porque considero importante traballar, en todas as unidades didácticas, valores fundamentais comúns a todas as culturas: O respecto, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familia, o compartir, o axudar, a caridade, a tolerancia, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada do «Domund».	O alumnado deste nivel colaborará na xornada do «Domund».			
Campaña solidaria de «Cáritas».	O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no nadal, da ONG «Cáritas».			
Día da non violencia e da paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de xaneiro.			
Campaña contra a fame de «Mans Unidas».	O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG «Mans Unidas».			
Exposicións nos corredores do colexio.	Montaxe e exposición dun pequeno «Belén», ou de outros traballos, nos corredores do colexio.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das letras galegas.	O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas.			
Visita a igrexa de Bueu.	O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu, capelas ou santuarios, etc., da contorna.			

Observacións:

A LOMLOE indica que a educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social.

Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación.
Realizo formación para mellorar como profesional.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento.

O seguimento do cumprimento da programación será a través da aplicación PROENS, revisando os datos de cada unidade didáctica: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 2º ciclo de Educación Primaria.

Os instrumentos xa sinalados para cada unidade didáctica servirán para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos, e ademais para que o docente saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

Avaliación e propostas de mellora.

A avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas tan pronto como se detecten dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

Avaliarase a programación segundo os aspectos seguintes, acompañados das propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

- * Preparación da clase e dos materiais didácticos: Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

- * Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais: A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado. A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno. Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da Aprendizaxe e Comunicación.

- * Regulación da práctica docente: Grao de seguimento dos alumnos medio-alto. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

- * Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Consecución dos alumnos dos criterios de avaliación programados. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía das actividades planificadas. Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.

- * Utilización de medidas para a atención á diversidade: Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.

9. Outros apartados

